

CONCRECIÓN CURRICULAR IES ENRIQUE MURUAIS: CRITERIOS DE PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRÍCULA DE HONRA PARA ESO E BACHARELATO

Despois da publicación do **Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes, e coa concreción adoptada polo claustro deste centro o **27 de abril de 2022**:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
 - e) O equipo docente, **sen menoscabo da súas competencias**, entenderá que se compren os apartados b), c) e d) nos seguintes casos:
 - i. No caso de avaliación negativa en tres materias e a nota media destas sexa superior a 3.
 - ii. No caso de avaliación negativa en catro ou máis materias e a nota media destas sexa igual a 4.
 - f) No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de promoción terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.

Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
 - d. O equipo docente, **sen menoscabo da súas competencias**, entenderá que se compren os apartados b) e c) nos seguintes casos:
 - i. No caso de avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e as notas destas sexan iguais ou superiores a 3.
 - ii. No caso de avaliación negativa en tres ou máis materias, e as súas notas sexan iguais a 4.
 - e. No caso de que as materias estean agrupadas en ámbitos, aos efectos de titulación terase en conta por cantas materias está formado cada un deles.

Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécense:
 - a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que se concederán as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 4º curso de ESO.
 - b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á

nota media de toda a etapa.

- c. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos en 4º da ESO. De seguir existindo empate avaliarase o mesmo criterio para terceiro, segundo ou primeiro da ESO (nesta orde).

BACHARELATO

Promoción

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

Titulación

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. **Sen prexuízo do anterior**, no caso de que a materia non superada sexa unha das materias comúns ou troncais da modalidade de bacharelato cursada, considerarase que se acadaron os obxectivos e se adquiriron as competencias se a súa nota é igual ou superior a 3.
 - b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considerarase inasistencia continuada cando a alumna ou o alumno alcance o cuádruple de faltas inxustificadas que o número de clases semanais da devandita materia. Previamente, ao acadar o 50% desa cifra, o responsable da materia deberá enviar comunicación aos responsables legais da alumna ou alumno.
 - c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. A non presentación de traballos obrigatorios, a realización de probas escritas finais en branco, e/ou, a non realización doutras actividades de avaliación determinadas na programación da materia correspondente, imposibilitará a titulación na excepcionalidade regulada neste punto.
 - d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que

como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:
 - a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que se concederán as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.
 - b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
 - c. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no segundo curso. De seguir existindo empate avaliarase o mesmo criterio para primeiro de bacharelato.